

CEN ANOS COA REAL ACADEMIA GALEGA

Xosé Neira Vilas, Xosé L. Axeitos,
Henrique Monteagudo, Manuel Ferreiro,
Serafín Alonso Pintos

GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

171 xullo, agosto, setembro 2006
Tomo XLIV

Cartas de Ramón Piñeiro
a Basilio Losada

Conversa con
Xosé Ramón Barreiro

Entrevista con
Marcos Bagno

Comunicación
Bitácoras,
lingua e cultura


Silvia Canabal,
Manuel Gago, Xosé López

Xente ao lonxe
Débora Campos

Ciencia
A investigación
na oceanografía
das rías

X. Antón Álvarez Salgado

Carta de Beijing



A investigación sobre Pondal e o achamento d' *Os Eoas*

Memoria persoal dunha pesquisa

MANUEL FERREIRO

I

De mi cuarto sin demora hay que sacar mis manuscritos para entregarlos a la Academia Gallega.

De Pondal a Andrés Martínez Salazar, 1917

Estas son palabras angustiadas de Eduardo Pondal Abente, que nos momentos finais da súa vida na Coruña, na pensión La Luguesa, onde finou, escribe unha nota a Martínez Salazar para que preserve para o futuro a súa obra manuscrita. Dificilmente podía prever o poeta que a maior parte da súa escrita continuaría inédita durante tantos anos, vistas as súas explícitas disposicións testamentarias: “Dejo mis manuscritos literarios y mis impresos poéticos a la Real Academia Gallega para que los expurgue en connivencia con mis albaceas”. Só unhas novas circunstancias na institución herdeira das obras inéditas do Bardo permitiron a (progresiva) reaparición dos manuscritos das súas obras, xunto con outros moitos materiais (documentais, epistolares etc.), legados á institución de que fora fundador e membro.

Mais, certamente, desde a súa creación en 1906, a hoxe centenaria institución, sempre inmersa na “ruda adversidade urxente”, pouco fixo co legado pondaliano máis do que publicar en 1935 unha nova edición dos *Queixumes dos pinos*, a que se lle acrecentou un conxunto de 38 textos (“Poesías inéditas”), a maior parte deles composicións impresas non recompiladas en libro. Infelizmente, o cataclismo da guerra de 1936 e a posguerra cercearon posibilidades futuras, nunha difícil sobrevivencia institucional que impediu calquera iniciativa normalizadora até hai ben poucos anos.

No ámbito da lírica, o poeta publicara en vida *Queixumes dos pinos* (1886)¹, conxunto estruturado de 91 poemas, moitos deles compostos para o libro e outros procedentes da súa produción anterior, incluíndo tanto as poesías isoladas publicadas en diversos medios como outras composicións editadas previamente en opúsculos: *A campana d'Anllóns* (1866), *A Fada*

dos Montes (1872), *Rumores de los pinos* (1877) e *Gandreiras* (1885)². Despois de *Queixumes*, Pondal, que continuaba a producir unha inxente obra, só publicou en 1895 dous poemas relativamente longos como opúsculos independentes: *O dólmen de Dombate* e a versión amplificada d' *A campana d'Anllóns*³.

En paralelo, acompañando esta permanente dedicación á creación lírica, o Bardo traballa obsesivamente na construción dun poema épico de que, en vida, só publicou brevísimos fragmentos: trece oitavas do *Ensayo (Fracmento de un poema)*⁴ en 1857, e trinta e seis oitavas do Canto V de *A América Descubierta* (título anterior ao definitivo de *Os Eoas*) en 1864⁵. Da versión d' *Os Eoas* que o poeta tiña finalizada en 1885 só fican restos das probas de imprenta de 84 oitavas isoladas, que se conservan entre a Real Academia Galega (RAG) e o Arquivo Parga Pondal (APP).

O poeta fina no día 8 de marzo de 1917 e, a partir desa data, d' *Os Eoas* nada se sabe e os máis dos manuscritos líricos dormen esquecidos na Academia.

II

Asimismo les ruego que sigan guardando y custodiando exculpulosamente la copia de mi poema *Os Eoas*, así como todos los trabajos literarios de diverso género que lo acompañan para los fines oportunos.

De Pondal a Uxío Carré Aldao e Andrés Martínez Salazar, 9-I-1916

Cando en 1985 comecei a traballar na edición da produción lírica pondaliana, o seu corpus lírico estaba composto, para alén de *Queixumes dos pinos*, con diversas edicións⁶, por outros textos máis que tiñan a seguinte orixe:

1. O acrecentamento dos 38 poemas chamados “inéditos”⁷ na edición que a Real Academia Galega fixo da obra lírica pondaliana en 1935 para conmemorar o centenario do nacemento do poeta⁸.

Manuel Ferreiro. Catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña. Especializado en Lingüística Histórica (*Gramática histórica galega*, 1995-1997) e mais en Ecdótica e Crítica Textual, campo en que se inscribe a edición crítica da *Poesía galega completa* de Eduardo Pondal, publicada por Sotelo Blanco Edicións: *Queixumes dos pinos* (1995); *Poemas impresos* (2001), *Poemas manuscritos* (2002) e *Os Eoas* (2005). Á edición do poema épico foille concedido o XXI Premio 'Losada Diéguez' de Investigación.

2. A recolla feita por Ricardo Carballo Calero en 1961⁹, que, con corrección, editou, alén de textos en castelán, italiano, francés e mais algunhas oitavas d'*Os Eoas*, 47 textos líricos galegos: 19 impresos, 24 manuscritos (todos procedentes do APP) e 4 apógrafos.

3. A recompilación de Amado Ricón en 1971¹⁰, que, ademais de 16 textos en castelán e fragmentos d'*Os Eoas*, presentaba un total de 34 textos galegos manuscritos (case todos depositados na RAG) e 15 poemas impresos máis.

Obviamente, nun traballo académico con pretensión de exhaustividade e rigor como o que estaba a realizar, era fundamental a localización, consulta, transcripción e estudo de todos os materiais de diversa condición que, en principio, se achaban na Real Academia Galega e mais no Arquivo Parga Pondal, depositario familiar de parte do legado do poeta.

O esforzo investigador orientouse, pois, nunha dupla dirección. En primeiro lugar, á consulta das publicacións periódicas (especialmente da prensa literaria e cultural e mais daqueloutra que podía presentar colaboracións ou noticias relacionadas coa actividade literaria en Galiza) en todo tipo de institucións, arquivos e bibliotecas que dispuxesen destes fondos.

Esta procura de tipo fundamentalmente hemerográfico, que informaba sobre a actividade pública (e/ou privada) de Pondal, acrecentaba importantes noticias sobre a súa persoa e traxectoria e achegaba novos textos descoñecidos e nunca recompilados, ou, mesmo, diferentes versións dalgúns poemas pondalianos. Ao mesmo tempo, foi iniciada a pesquisa arquivística na institución herdeira do legado pondaliano, a Academia, e mais no APP, que tiña na súa casa Isidro Parga Pondal, sobriño-neto do poeta.

A recepción entusiasta de don Isidro, a absoluta disposición a me axudar na procura de docu-

¹ Pondal, Eduardo. *Queixumes dos pinos*. Latorre y Martínez, Editores, La Coruña, 1886.

² *A Campana d'Anllons. El canto de un brigante*, por..., Imprenta de D. Eusebio Cascante, Coruña, 1866; *A Fada dos Montes. Poesía*, por..., Tip. de Manuel Mirás y Alvarez, Santiago, 1872; *Rumores de los Pinos. Poesías*, Santiago, Tipografía de M. Mirás y Alvarez, 1877; *Gandreas*, por..., Coruña, Imprenta de La Voz de Galicia, 1884.

³ *O dólmen de Dombate*. Impr. y lib. de E. Carré, La Coruña, 1895; *A Campana d'Anllons*. Imprenta y librería de Carré, La Coruña, 1895.

⁴ "Ensayo. Fracmento de un poema", en Otero, R.: *Galicia Médica*. Entrega 3ª, Imp. y Lit. de D. Juan Rey Romero, Santiago, pp. 79-82. A primeira noticia sobre este texto pondaliano pode verse en López, T. / Ferreiro, M., "Pondal publicou un adianto do que foron 'Os Eoas' no 1857", *A Nosa Terra*, Vigo, 12-IV-1988, p. 338.

⁵ *A América Descuberta. Canto V. Fragmento*, s.l., s.d. Dúas cartas de Pondal a Murguía datan este opúsculo en 1864.

⁶ Á parte da segunda edición, feita pola RAG en 1935 (vid. nota 8), foron aparecendo outras ao longo do século pasado: Eduardo Pondal, *Queixumes d'os pinos*, Buenos Aires, Colección Dorna, 1940. Noticia y nota por Emilio Pita. Dibujos de Luís Seoane; Eduardo Pondal, *Queixumes dos pinos e outros poemas (Obra lírica completa)*, Edicións Castrelos, Vigo, 1970 (con varias reedicións); Eduardo Pondal, *Queixumes dos pinos e outros poemas*. Edición ó coidado de Xavier Senín, Galaxia, Vigo, 1985.

⁷ Na realidade, 22 deles foron recollidos de publicacións periódicas ou similares, onde foran esporadicamente publicados por Pondal.

⁸ Academia Gallega, *Queixumes dos pinos (2ª edición)* y *Poesías inéditas de Eduardo Pondal*, Imp. Zincke Hermanos, La Coruña, 1935. As "poesías inéditas" ocupan as pp. 187-256.

⁹ Carballo Calero, R. *Versos iñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal*. Reunidos, prologados e anotados por..., Galaxia / Centro de Estudios Fin-goy, Vigo, 1961.

¹⁰ Pondal, Eduardo *Novos poemas*. Limiar, trascrición e notas de A. Ricón, Galaxia, Vigo, 1971.

mentación pondaliana e, asemade, o feito de pór á miña disposición todo o arquivo relacionado coa figura e a obra do poeta bergantiñán constituíron uns inicios do labor investigador que permitían alicerzar un traballo nas mellores condicións posibles: manuscritos líricos (moitos deles fragmentarios), cartas, fotografías, notas de todo tipo, libros da biblioteca pondaliana etc. constituían os fondos do APP, que foron por min revisados, transcritos e aproveitados exhaustivamente¹¹.

Ao mesmo tempo, inicieí a pesquisa na Real Academia Galega. Coido que era a primeira vez que entraba na sede da que debería ser a máis alta representación cultural da nación. A escuridade das súas salas e corredores, o frío ambiental que reinaba na “sala de investigadores”, o inusitado celo con que era supervisada a consulta dos ficheiros por parte de Juan Naya, bibliotecario na altura —inicialmente nin sequera me permitía a consulta do catálogo—, a atmosfera adusta —por falta de persoal e/ou visitantes naquela institución— non era o clima máis propicio para unha empresa que, en principio, tiña de me ocupar moitas tardes naquelas salas —polas mañás atendía as miñas obrigas docentes— e, en fin, moitas horas da miña vida...

Perante as dificultades de consulta de ficheiros e publicacións e a nula receptividade, ofreceuse don Isidro, que na altura xa tiña grandes eivas visuais, a me acompañar á RAG como académico para, dalgún xeito, facilitar as relacións coa institución e, en concreto, co seu bibliotecario. É certo que após tal visita puíden consultar directamente o catálogo e comezou a diminuír o control daquilo que solicitaba. E nada máis... Tamén é certo que a maioría dos investigadores, especialmente os non ligados á oficialidade cultural, que nos achegabamos aos fondos académicos sufríamos as mesmas dificultades; e certo é tamén que, en anos de difícil sobrevivencia da RAG, esta actitude restritiva do seu bibliotecario permitiu manter uns fondos para o futuro, evitando a posíbel desaparición dos materiais, que resultaría doada polas carencias obxectivas da institución.

Consultada a catalogación, certamente insuficiente e deficiente na altura, perante a ausencia de documentación manuscrita pondaliana, dirixínome inxenuamente a Juan Naya para solicitar o acceso ao espolio pondaliano que Amado Ricón manexara por volta de 1968-69 e de onde derivaran os seus “novos poemas” publicados en 1971.

“Na Academia non temos nada de Eduardo Pondal excepto a maleta cos manuscritos d’*Os Eoas*” foron as palabras do bibliotecario ante as miñas pretensións de consulta e estudo. Lembro que lle ensinei o libro de Ricón, que lle lía as

“descricións” dos manuscritos que este estudoso manexara..., inútil. Na RAG nada se conservaba, nada existía —salvo a maleta coas papeletas d’*Os Eoas*— e talvez se perderan os manuscritos —dicía— no traslado da RAG desde as salas do Concello coruñés á casa de Emilia Pardo Bazán, na rúa Tabernas. Toda insistencia foi inútil!

Nesta situación, escribinlle a Amado Ricón a Nova York, onde traballaba, para lle pedir información sobre a documentación e que me confirmase os máximos detalles posibles dos manuscritos. Respoudeume cumpridamente o 21 de xullo de 1985 dándome as descricións e constatando que, como é lóxico, todo ficara na RAG cando el finalizara o traballo.

A lectura da carta de Ricón non modificou a actitude do bibliotecario, que só me achegou tres ou catro pequenas papeletas manuscritas que contiñan rascuños iniciais do que a partir de 1890 se converteu no Himno Galego.

Nada “había”, pois: nin manuscritos líricos, nin cartas, nin billetes de pagamento de sociedades diversas, nin facturas (de roupa, libros etc.)..., nada de nada. Só a maleta cos millares de papeletas manuscritas d’*Os Eoas*, que daquela aparecían como únicos testemuños da produción épica do Bardo..., xunto coas redaccións gardadas no APP. Así pois, coa maleta comecei: revisei papeleta a papeleta na procura —exitosa— de textos líricos e doutros materiais de interese, xa que, como é sabido, Pondal aproveitaba —“reciclaba”— todo tipo de papel para a incansante escrita poética que ocupou a súa vida. Ao tempo, con moita paciencia e non menor esforzo, ía transcribindo oitavas d’*Os Eoas*, que, como xa dixen, non eran obxecto da miña investigación mais que pretendía tamén estudar cando puxese o ramo á edición e estudo lingüístico-filolóxico da produción lírica.

Noutros arquivos persoais e/ou familiares houbo máis sorte e mellor disposición, a comezar por Jaime Valdés Parga, herdeiro da casa natal do poeta e colaborador entusiasta da miña investigación: todo tipo de variada documentación familiar relacionada con Pondal puido ser consultada, fotocopiada, revisada e aproveitada para a pesquisa en marcha.

O mesmo aconteceu con outros dous arquivos, ben importantes nesta empresa investigadora por forneceren novos materiais. En primeiro lugar, contactei na Coruña con Carlos Martínez Barbeito, neto de Andrés Martínez Salazar, amigo e acompañante de Pondal no derradeiro período da súa vida. A documentación, que consulte sen restricións —e mesmo puíden fotocopiar para non importunar a vida familiar de don Carlos—, achegou un moi importante número de cartas, así como o fundamental *Postrimerías de*

Pondal. *Sustraidas*¹², caderno que me proporcionou unha nova visión do poeta: a figura do creador afastado da realidade nos anos 1916-1917, que ditaba obsesivamente poemas iniciais da súa vida —en español—, fragmentos d’*Os Eoas...* e novos poemas inspirados por unha profunda paranoia e un fondo desequilibrio que o levaron a creerse roubado polos seus amigos, que suplantaran o seu nome nos “cantos da patria”. Tal caderno debeu ser pudorosamente retirado por Martínez Salazar dos materiais pondalianos trasladados para a RAG após a morte do poeta e ficou no conxunto documental herdado por Carlos Martínez Barbeito e custodiado no seu arquivo (AMB).

Outro neto de Martínez Salazar, Andrés Martínez Morás, en Vigo, tamén me prestou toda a colaboración e axuda, pondo ao meu dispor a documentación relativa ao poeta herdada de seu avó e constituída, fundamentalmente, por parte do epistolario.

En 1990 presentei a Tese de Doutoramento¹³ sen ter acceso á documentación da RAG. Certo é que a delongada investigación durante seis anos nas institucións galegas —e extragalegas— e mais en múltiples arquivos —públicos e privados— me permitiu presentar uns resultados importantes na edición da lírica pondaliana grazas á nova lectura dos manuscritos do APP e ao aproveitamento do AMB, á recolla de poemas impresos descoñecidos, e, en fin, ao manexo dunha variada documentación impresa e manuscrita nunca antes exhumada e/ou aproveitada e que permitiu unha nova visión de Pondal, ao tempo que se fixaba o corpus lírico a partir dos materiais existentes na altura¹⁴, distinguindo impreso de manuscrito, autógrafo de apógrafo, traducións de orixinais, reelaboracións e variacións concorrentes e/ou recorrentes, fragmentos de textos completos... Con todo, tamén é certo que en min aniñaba un constante desacougo perante uns resultados parcialmente frustrados e frustrantes por causa dos manuscritos “inexistentes” (“nevoas d’antano”), textos fantasmáticos do punto de vista histórico-ecdótico.

III

Pondal fué á un extremo de la habitación y volvió cargado con una maleta de emigrante [...] —Allí tengo además una enormidad de labor inédita. Hay para tres libros de versos.

La Voz de Galicia, 19-XI-1912

Neste ano de 1990 abandonei a transcripción dos materiais eicos da maleta pondaliana: a chegada de Amado Ricón en xaneiro aos locais da Academia, financiado pola Fundación Barrié, para realizar unha edición d’*Os Eoas*, coa conseguinte



¹¹ Actualmente os fondos do APP xa están na RAG, por xenerosa doazón de Jorge Parga Peinador, fillo de don Isidro.

¹² Tamén titulado *Nuevos cantos. Sustraidas*. Pode verse unha descrición na edición dos *Queixumes*, p. XV (vid. nota 16).

¹³ *Obra lírica de Eduardo Pondal. Edición crítica*, dirixida polo doutor Xosé María Dobarro Paz.

¹⁴ Aínda que o obxecto fundamental do traballo era a lírica galega, na tese foi tamén recuperada outra produción de Eduardo Pondal, descoñecida en gran parte, tanto a escrita en español (a obra *Fátima. Leyenda*, numerosos textos poéticos e a novela *Juan Pérez*), como a súa correspondencia (extensa, variada e certamente interesante) e, tamén, algunhas importantes achegas que o poeta elaborou para a RAG sobre a toponimia e o léxico bergantiñán. Parte dos novos materiais viron a luz en 1986, nunha publicación de Edicións A Nosa Terra para celebrar o centenario de *Queixumes* (Ferreiro, M. “Nova contribución ao córpus literario de Eduardo Pondal: dezanove poemas e unha novela”, en *Eduardo Pondal: Home libre, libre terra*, Extra-7 de *A Nosa Terra*, Promocións Culturais Galegas, Vigo, pp. 65-80).

reserva dos materiais para o seu traballo, xunto coa miña dedicación á redacción final da Tese de Doutoramento (aproveitando un ano “sabático”), provocou que a sistemática e paciente transcripción que comezara había anos ficase interrompida cando levaba copiadas arredor de dúas mil oitavas, ao tempo que a miña vida se afastaba dos locais da RAG para me concentrar nos traballos esixidos por outras circunstancias profesionais.

Por outra parte, a finais dese mesmo ano foime encargado por Edicións Laivento a confección dun volume sobre Eduardo Pondal que recollese a súa correspondencia, que eu tiña reunida e anotada, cunha introdución ampla sobre a figura do poeta. Deste encargo naceu *Pondal: do dandysmo á loucura*, que apareceu en 1991 na editorial compostelá¹⁵.

No ano en que este volume saíu á luz éme tamén encargada por Sotelo Blanco a edición dos *Queixumes dos pinos*, para a colección Clásicos Galegos que, co paso do tempo, se constituiría como unha colección de referencia na edición dos nosos clásicos. En 1992 o traballo estaba acabado, aínda que non apareceu até 1995¹⁶, pola consabida lentitude editorial e as dificultades de todo tipo (económicas, técnicas etc.) que envolven a publicación de libros técnica e formalmente moi coidados.

Neste mesmo ano de 1992 sorpréndeme, pola súa rapidez, a aparición da “aproximación” riconiana a *Os Eoas* pondalianos a partir dos milleiros de papeletas que a maleta da RAG contiña¹⁷. É certo que tal novidade editorial provocou en min sentimentos contraditorios, xa que, á par da alegría perante a aparición dunha obra longamente desexada e durante tantos anos inédita, a lectura da introdución do seu editor, a valoración dos criterios de edición e a revisión dos resultados textuais de tal empresa confirmaron, pola miña parte, un diagnóstico crítico canto á fidelidade da transcripción e ao rigor ecdótico utilizados para unha obra merecente duns outros resultados: desconsideración dos materiais depositados no APP, lecturas deficientes e erradas do texto pondaliano, mestura de estratos cronolóxicos diferentes, erros e/ou lapsos continuos caracterizaban os resultados dunha loábel empresa, para a que era necesario un coñecemento apurado da lingua galega e pondaliana, unha cualificada práctica de lectura dos difíciles manuscritos e un rigor ecdótico-textual que o poema de Pondal, pola multiplicidade dos materiais e pola súa historia, precisaba¹⁸.

Mais en 1995 chégame o aviso de un meu alumno, Anxo Gómez Sánchez, que me informa sobre a existencia na RAG de manuscritos pondalianos (nomeadamente do Himno) que eu non citaba nos meus traballos anteriores.

Así pois, outra volta regreso á rúa Tabernas, a unha Academia en que comezaban a agromar algunhas mudanzas, porque, aínda baixo a presidencia de García-Sabell, o pasamento do seu bibliotecario en 1993, o incremento de persoal e, co clamor xeral pola renovación, unha tímida apertura estaban a modificar o funcionamento da institución.

A chegada á fría sala, invernal, da RAG e o encontro cos papeis “negados” foi conmovedor para quen tiña revisado exhaustivamente todo o espolio pondaliano coñecido até daquela e procurado toda canta posibilidade existía en calquera tipo de institución ou arquivo con posíbeis rastros do poeta e da súa obra.

As palabras que escribira en 1991 na introdución á edición de *Queixumes* resultaran case literalmente proféticas:

Ora ben, a sistemática consulta dos arquivos públicos e privados, nomeadamente os fondos da Real Academia Galega, revelou a desaparición —¿temporal?— daqueles materiais legados á institución académica, con excepción de *Os Eoas*. Trátase dos fondos de onde proceden parte das “Poesías Inéditas” [...] e mais a maioría dos “novos poemas” publicados por Amado Ricón Virulegio [...]. De poderense utilizar estes textos, moi posibelmente sería factíbel a reconstrución dos ‘libros’ líricos que o poeta levaba anos preparando e, mesmo, anunciando¹⁹.

Efectivamente, alí estaban os manuscritos utilizados por Ricón arredor de 1970. E moito máis. E tanto máis! E o meu ánimo ficou renovado perante tal cúmulo de documentación²⁰.

Desde un caderno titulado *Dos eidos, Dos servos* até innúmeras elaboracións manuscritas autógrafas de poemas de condición moi diversa, ás veces agrupados baixo títulos parciais (“Dos servos”, “Da raza, dos eidos, dos servos”, “Procellaria” etc.), en amalgamada convivencia, composicións acabadas con redaccións previas, versións fragmentarias, recortes de textos impresos, notas literarias, cartas etc. Alí estaban os materiais que na RAG (Manuel Lugrís Freire especialmente) se confeccionaron para a edición de 1935, os manuscritos pondalianos de onde se tiraron os deficientes textos das “Poesías inéditas” publicadas pola Academia nese ano, numerosos textos mecanografados ou copiados manualmente para esa edición... En fin, todo aquilo que permitiría fixar un apurado mapa textual pondaliano, confrontar as edicións previas de textos publicados pola RAG en 1935 e por Ricón en 1971, explicar xeneticamente a elaboración dalgúns dos poemas que Pondal publicou ao longo da súa vida...




Maleta onde se gardou o legado manuscrito de Eduardo Pondal. Fotografía Óscar París. Fondo RAG

A partir de agora xa me podía pór ao traballo de edición “completa” dos poemas impresos e dos poemas manuscritos.

E, naturalmente, comecei polo Himno Galego. Na documentación reaparecida sobranceaba a existencia de redaccións manuscritas previas do poema “Os pinos” publicado no prospecto do certame convocado para a creación do Himno en 1890. Algo que me preocupaba desde había anos era a certeza documentada de que o texto do Himno tal como fora oficializado se baseaba en edicións deturpadas, fundamentalmente na prensa cubana, a partir do orixinal publicado por Eduardo Pondal. Coa recuperación destes manuscritos calquera posibilidade de dúbida ficaba eliminada, e co seguimento dos avatares tipográficos e a fortuna editorial de tan importante texto en todo tipo de publicacións periódicas ou obras de diversa condición era posíbel seguir o proceso de degradación textual que levou a deformacións lexicais —con consecuencias semánticas— (*clan* > *chan*, *férridos* > *féridos* ou *feridos*...), castellanizacións (*rouco* > *ronco*), hiperenxebrizacións (*sós* > *soio*, *ignorantes* > *ño-rantes*), nivelacións contraditorias coa lingua pondaliana (*mas* > *mais*, *cingido* > *cinguido*) etc., por nos limitarmos unicamente aos 32 versos iniciais do poema completo que constitúen o texto hímnico.

Deste traballo naceu *De Breogán aos Pinos*, cuxa primeira edición saíu á rúa en 1996²¹ e que provocou debate e polémica e, o que é máis importante, a constitución dunha comisión no Parlamento Galego para estudar a posibilidade de restaurar a verdadeira letra do noso himno



¹⁵ Ferreiro, Manuel. *Pondal: do dandysmo á loucura (Biografía e correspondencia)*. Edicións Laiovento, Santiago de Compostela, 1991.

¹⁶ Pondal, Eduardo. *Poesía galega completa*. Vol. I. *Queixumes dos pinos*. Edición de Manuel Ferreiro, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1995.

¹⁷ Pondal, Eduardo. *Os Eoas (Unha aproximación)*. Limiar, transcripción, selección e notas de Amado Ricón Viruleg, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, La Coruña, 1992.

¹⁸ Véxase unha crítica detallada no “Estudo introdutorio” da edición d’*Os Eoas*, pp. LI-LV (vid. nota 24).

¹⁹ Cf. a p. X da “Introdución” da edición publicada en 1995 (véxase a nota 16). Os “libros líricos” aluden ao “tríptico” —é definición de Pondal na entrevista de 1912— *Dos eidos, Dos servos, Do íntimo*.

²⁰ Véxase unha descrición destes materiais na “Nota introdutoria” á edición dos *Poemas impresos*, pp. X-XIV (vid. nota 22).

²¹ Ferreiro, Manuel. *De Breogán aos Pinos. O texto do Himno Galego*. Edicións Laiovento, Santiago de Compostela, 1996 (1997, 2ª ed.).

nacional. Alí comparecín o 9 de setembro de 1996 para explicar na Comisión Parlamentaria, presidida por Victorino Núñez, os fundamentos e as evidencias de tal necesidade. A receptividade foi desigual por parte dos parlamentarios..., e outros comparecentes defenderon posicións diferentes á que eu mantiña con todas as evidencias textuais, históricas e críticas na man. Nada se resolveu, a polémica continuou —e aínda reaparece con certa frecuencia— e aínda a finais de 2002 envié un novo informe a petición do Presidente do Parlamento, José María García Leira, que, de novo, non tivo consecuencias legais, pois entrou en contradición co informe doutras institucións como a propia Academia Galega ou o Consello da Cultura Galega. Mais a realidade é pertinaz, e non eu, senón Pondal foi quen escribiu que a razón de Breogán, o pobo galego é un “valeroso clan” en loita cos “férridos e duros”...

O labor de lectura, trabaloso como é ben sabido, dos habitualmente complexos e confusos manuscritos pondalianos estendeuse ao longo de moitos meses, fundamentalmente nos transcorridos entre 1996 e 1998. Con todos os materiais académicos transcritos, xunto cos dos outros arquivos (estudados xa antes de 1990) e coa documentación dos textos publicados en vida de Pondal, xa estaba en condicións idóneas para preparar os volumes correspondentes aos Poemas Impresos e aos Poemas Manuscritos (autógrafos e apógrafos).

A editorial Sotelo Blanco sempre mostrou un interese especial pola publicación da obra do Bardo, sempre foi xenerosa no seu esforzo e paciente comigo, atendendo as peticións de maquetación coidadosa, de revisión exhaustiva, de esperas incómodas... Animado pola situación, por volta de 1998, cando na RAG se estaban a producir mudanzas coa entrada de Francisco Fernández del Riego como presidente, eu tiña acabada a confección do volume segundo, e, en 1999, rematara o volume terceiro da obra poética galega —lírica— de Eduardo Pondal.

IV

¿Cómo andan “Os Eoas”? Ya tendrá copiado a la máquina mucho de lo que tenía escrito. ¿Cuándo lo terminará? Ha hecho muy bien en decidirse a escribirlo a máquina, y aún a publicarlo en vida, pues de otro modo serían muchas las dificultades con que tropezarían las personas encargadas de hacerlo, aún con ser muy doctas todas ellas.

De Enrique Ferreiro Pondal a Pondal, 26-XII-1913

Acabada en 1998-99 a transcripción do espolio pondaliano da RAG coñecido na altura, e despois da preparación dos volumes segundo e terceiro da obra lírica de Eduardo Pondal, e perante a insatisfactoria, desde a miña persoal óptica, edición d’*Os*

Eoas aparecidos en 1992, considerei que debía retomar a tarefa de transcripción sosegada das papeletas eoicas contidas na maleta pondaliana da RAG e decidín que era moito hora de continuar o traballo comezado arredor de 1985 e interrompido en 1990, coa intención de, xunto cos materiais deste poema conservados no APP, no futuro dar a coñecer o complexo conxunto —do punto de vista cronolóxico, redaccional, literario e mesmo ideolóxico— dos materiais manuscritos do poema contidos na “épica” maleta.

Así pois, o 14 de setembro de 2000, antes de comezar as actividades do curso académico, diríxome de novo á RAG para me encontrar, outra vez, coa maleta “de emigrante”, en palabras do xornalista de *La Voz de Galicia*.

Era pola tarde e, na sala interior do arquivo da RAG, levanto máis unha vez a tapa da maleta de coiro. Sorpréndeme a visión dun gran sobre de cor crema e máis dun conxunto de papeis colocados por cima dos mazos de papeletas manuscritas d’*Os Eoas*. Eu coñecía ben o mítico recipiente, tiña revisado exhaustivamente en varias ocasións o seu contido e sabía exactamente o que, polo menos desde 1985, contiña a maleta. Eran materiais novos para min.

Abro o sobre e fico estantío e abalado perante o que tiña nas mans. Alí estaba, nas miñas mans, a versión derradeira e definitiva do poema en que Pondal traballara durante sesenta anos. Case perfectamente ordenadas, numeradas por seccións, aparecían centos de cuartillas mecanografadas onde recoñezo automaticamente a man correctora do poeta, sempre horacianamente revisando, sempre teimosamente luíndo. Lembro ben que rapidamente volvo a introducir as cuartillas no sobre e cerro a tapa da maleta. Pasados uns segundos, volvo abríla e vexo que o conxunto documental anexo non incluído no sobre contén (outra vez!) novos textos manuscritos (autógrafos e apógrafos) de poemas pondalianos, novas redaccións de textos publicados, máis cartas, máis recortes de prensa... Cerro a maleta e voume sen falar con ninguén, conturbado perante a importancia do que acababa de ver, a pensar en Sharrer cando descubrira as sete cantigas de Don Dinís na Torre do Tombo, narración emocionada que eu escoitara cun aquel de envexa nun congreso medievalista celebrado en Lisboa.

Ao día seguinte, pola mañá, volvo á RAG para comprobar que efectivamente vira o que vira, que era o que era, para ollar cunha miga máis de tranquilidade os papeis. Esta revisión confirma que estou perante a evidente versión final d’*Os Eoas* e falo con Xosé Ramón Barreiro, na altura tesoureiro da RAG e persoa de referencia nos locais da institución pola súa constante presenza. Comunícolle o achado e solícitolle per-


miso para publicitar a aparición do poema, noticia que é coñecida publicamente a partir do anuncio feito na Ponteceso no VI Simposio Pondaliano en que, por xenerosidade dos seus organizadores, participei —e participeo— anualmente desde os seu inicios en 1995.

Felizmente, como aínda non estaban publicados os volumes dos Poemas Impresos e dos Poemas Manuscritos, podó incorporarse os novos textos e testemuños a estas edicións, con refacción traballosa do terceiro volume, xa que os recentes manuscritos me obrigaban á modificación do texto dalgúns poemas, acrecentaban outros novos e condicionaban certas consideracións cronolóxicas que os materiais anteriores non permitían facer.

Mais volvamos a *Os Eoas*. O entusiasmo pondaliano, que nunca me abandonara, é reavivado por tal descubrimento, e comezo a transcripción —non se poden facer fotocopias— das cuartillas mecanografadas e dos materiais épicos manuscritos que aparecían entre elas. A institución académica é consciente da importancia do texto e constitúe unha comisión formada polo Presidente da RAG, Francisco Fernández del Riego, e dous académicos, Xesús Alonso Montero e Xosé Luís Méndez Ferrín, para “examinaren o mecanoscrito do poema *Os Eoas*”, “deduciren o valor do mesmo e propórenlle á Academia un destino para o citado instrumento”. Recibo un escrito, datado en 2 de xuño de 2001, en que a citada comisión ditamina que

Os Eoas tal e como aparecen no mecanoscrito de que se fala propiciaría, sen dúbida, unha edición máis integrada e presumiblemente máis acorde coas derradeiras vontades literarias de Pondal que o texto tal e como foi reconstruído e editado polo profesor Amado Ricón que, alén do moito mérito a que é acredor e que lle recoñecemos calorosamente polo seu traballo restaurador, non tivo ocasión de coñecer e aproveitar este exemplar mecanografado de que estamos a tratar.

A comisión entende “que os tempos son chegados de que esta Corporación leve a termo a edición académica de *Os Eoas* honrando a súa débeda para con Eduardo Pondal e baseándose no texto mecanografado e corrixido pola man do propio autor”, polo cal me é encargada a fixación “do texto do poema establecido e editado filoloxicamente”, ao tempo que a realización dun “comentario literario condigno” é atribuída a Manuel Forcadela e Xosé Ramón Pena, para, finalmente, os traballos resultantes seren “sometidos a exame dos órganos da Real Academia Galega para a súa aprobación previamente á edición”.



Era pola tarde e, na sala interior do arquivo da RAG, levanto máis unha vez a tapa da maleta de coiro. Sorpréndeme a visión dun gran sobre de cor crema e mais dun conxunto de papeis colocados por cima dos mazos de papeletas manuscritas...

Co encargo oficial na man, continuó a preparar a edición d' *Os Eoas*, coa satisfacción de cerrar un traballo iniciado en 1985 e que agora, efectivamente, podía verse concluído. Entre tanto, en 2001 aparece o volume correspondente aos Poemas Impresos²², en 2002 o dos Poemas Manuscritos...²³, e eu continuó co volume correspondente á edición do texto épico, sabendo que o acordo entre a RAG e a Editorial Sotelo Blanco ía permitir que toda a obra do Bardo fose publicada cos mesmos parámetros, co mesmo coidado editorial e coa mesma calidade técnica e formal que esta editora compostelá pon na colección de Clásicos Galegos.

As visitas ás salas da RAG continúan e, de novo, en 2003 reaparece nova documentación de Pondal: cartas, poemas descoñecidos, novas versións do Himno e doutras composicións, algunha cuartilla mecanografada d' *Os Eoas*... Os poemas manuscritos xa estaban publicados e non podían ser modificados. Mais si se podía incorporar o material pertinente á edición do poema épico, que aparecerá en 2005²⁴, cerrando un ciclo iniciado moitos anos antes e dando cumprimento á vontade testamentaria de Eduardo Pondal.

V

Una afortunada casualidad, que nos permitió conocer íntegro el grandioso poema "Os Eoas".

Carré Aldao, *El Ideal Gallego*, 12-X-1921

Porén, á parte doutras consideracións posíbeis, esta memoria persoal ficaría incompleta se non enunciase algunhas preguntas, de difícil resposta, que me acompañaron desde o ano 2000. Que pasou co mecanoscrito do poema épico á morte de Pondal? Onde estaba, durante todos estes anos, o dactiloscrito d' *Os Eoas*? Quen o puxo na maleta e en que momento?

As referencias ao "manuscrito" do poema, en singular, nas derradeiras cartas e notas de Eduardo Pondal tiñan que aludir, sen dúbida, á versión achada en 2000, e que en 1914 tiña que estar xa preparada, pois as palabras de Enrique Ferreiro Pondal xunto con outros testemuños agora aparecidos non deixan marxe para a dúbida. Por que razón a obra non foi editada polo propio Pondal? Que pasou en 1917 cando, probabelmente, Andrés Martínez Salazar e, talvez, Manuel Lugo Freire, levaron para a Academia os materiais que o poeta tiña na pensión da rúa Juana de Vega, onde morreu Pondal?

Teño para min algunhas certezas que se complementan con non poucas hipóteses, e como tales as exporei.

Documentei xa hai ben anos as crises periódicas que padecía o poeta ao longo da súa existencia.

Nos anos finais da súa vida a deterioración da súa saúde física avanzaba e as crises mentais repetíanse. Os testemuños documentais, as alusións na súa obra e, mesmo, o feito de ditar poemas neses momentos críticos permiten fixar dous momentos especialmente graves na súa biografía nos anos derradeiros: referímonos, á crise de 1908-09 e mais á de 1916, no ano anterior á súa morte. Entre estas dúas datas, entre 1913 e principios de 1914 ditou o poema e corrixiu —sen dúbida traballosamente, polos problemas visuais— o texto épico. Se a principios deste ano tiña preparado o texto, se as xestións coa editorial Ribadeneira en Madrid estaban feitas por José Valdés —amigo e parente por ter casado cunha prima do poeta, herdeira final da casa familiar de Pondal— como parece deducirse das súas cartas, se nada había que impedise a publicación, por que ficou inédito? A aparición dunha carta —non enviada— do poeta, datada no día 4 de agosto de 1914, cando residía na pensión Gran Oriente, no número 2 da Praza de Pontevedra, e dirixida "Al ilustre Doctor Rodríguez Martínez, De S[u] Admirador E. P.", confirma que a crise de 1916 (de que é estremecedor testemuño o caderno *Postrimerías de Pondal* do AMB) xa debeu comezar en 1914 e, probabelmente, perdurou até a súa morte no 8 de marzo de 1917:

Amigo muy distinguido: Después de nuestra última entrevista, he pasado cinco años completamente repuesto de mis antiguos achaques.

Estoy sufriendo una nueva crisis neuroas-ténica; y tengo muchas dudas y vacilaciones.

Deseo consultarle.

Su buen amigo que le admira, Pondal.

As datas encaixan perfectamente: no período de lucidez entre a crise de 1909 e a de 1914 puido completar a selección e escolla final entre tantas versións manuscritas d' *Os Eoas*, a pesar de recoñecer en 1912 a súa dificultade: "Es una labor tremenda la de escogitar, la de suprimir, la de dar por válido parte de lo que ahí hay. Yo, francamente, no me atrevo. Me abruma la tarea", dille ao xornalista de *La Voz de Galicia* na entrevista publicada o 19 de novembro de 1912²⁵; mais, acabada esta selección e revisión, o seu estado de saúde mental xa non lle debeu permitir tomar decisións..., e José Valdés morre, desaparecendo da vida de Pondal. Imaxinamos que en horas de lucidez apelaba aos amigos²⁶ para a custodia do "manuscrito" e para a súa futura transmisión para a nación galega, último e permanente destinatario da súa obra.

Con excepción de todo aquilo que ficara na casa familiar e que constituíu o Arquivo Parga Pondal, o groso do legado literario de Pondal



pasa para a Academia: *Os Eoas* mecanoscritos e corrixidos, a maleta coas versións manuscritas eicicas, os materiais líricos que pensaba publicar como unha triloxía titulada *Dos servos*, *Dos eidos*, *Do íntimo*, e outra documentación complementaria (cartas, recortes de prensa etc.).

Como xa vimos, a Academia tiña o encargo testamentario de editar as obras pondalianas. No que á lírica respecta, só en 1935, polo centenario do nacemento do poeta, se publican algúns poemas líricos, mais *Os Eoas* non aparecen, a pesar das repetidas demandas que a cada pouco aparecen nos medios político-culturais ao longo do século XX.

Que aconteceu co dactiloscrito? Inicialmente, este tiña de ser coñecido polos dirixentes académicos, como mostra que en 1921 Carré Aldao publicase en *El Ideal Gallego* o “canto XXV” que segue literalmente a derradeira versión pondaliana: era, por tanto, coñecido e manexado, a pesar dos comentarios de don Uxío: “Una afortunada casualidad, que nos permitió conocer íntegro el grandioso poema ‘Os Eoas’ (Los hijos del Sol), [...] hace que [...] podamos honrar nuestras columnas dando a la publicidad uno de los ‘Cantos’ de aquella obra poética”. É máis, cita textualmente palabras do prólogo (“Al lector”) e fala dos 28 “cantos” de que se compón o poema, ao tempo que reconece a magnitude da obra pondaliana inédita:

Nada creemos máis oportuno en esta gloriosa efemérides que dar a conocer, siquiera sea en mínima parte, la grandiosa obra que dejó inédita el ilustre poeta bergantiñán, el poeta que más intensamente penetró y sintió el alma de su patria. Hagamos votos porque en breve puedan ser conocidos en su integridad “Os Eoas”, y mientras tanto nos complacemos en dar a la publicidad uno de sus “Cantos”, obsequio que sabrán apreciar en todo su valor nuestros lectores²⁷.

Cando en 1955, en tempos de difícil sobrevivencia da RAG, a comisión nomeada pola institución para estudar a posibilidade de publicación d’*Os Eoas* expón as súas desalentadoras conclusións, o mecanoscrito xa “desaparecera”, pois só se alude aos materiais manuscritos da maleta, cun acertado diagnóstico: “dada la forma en que se encuentra el material y lo difícil de la transcripción de los miles de papeletas que contienen las estrofas del poema, se necesitaría que varias personas de capacidad adecuada para este trabajo se dedicasen exclusiva y constantemente a esa labor, y aun así creemos que su trabajo habría de durar algunos años [...]”²⁸. E igualmente fracasan os intentos de transcripción de Fermín Bouza Brei,



Papeletas autógrafas d’*Os Eoas*

²² Pondal, Eduardo. *Poesía galega completa*. Vol. II. *Poemas impresos*. Edición de Manuel Ferreiro, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 2001.

²³ Pondal, Eduardo. *Poesía galega completa*. Vol. III. *Poemas manuscritos*. Edición de Manuel Ferreiro, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 2002.

²⁴ Pondal, Eduardo. *Obra poética completa*. Vol. IV. *Os Eoas*. Edición de Manuel Ferreiro, Real Academia Galega / Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 2005.

²⁵ Véxase a entrevista xornalística completa que lle foi feita a Pondal por *La Voz de Galicia*, en Ferreiro, M., *Pondal: do dandysmo á loucura...*, op. cit., pp. 288-293.

²⁶ O mesmo que escribe, neste mesmo ano de 1916, a Amalio Jimeno, Ministro de Estado na altura, unha nota no mesmo sentido: “Os ruego {encarecidamente} Sr. minis[tro] que pongáis mi poe[m]a ‘Os Eoas’ bajo la protección de la Academia Gallega, porque andando de una en otras manos sería objeto de inevitables alteraciones” (AMB).

²⁷ Vid. “La Fiesta de la Raza. El 12 de Octubre de 1492. O Poema OS EOAS”, *El Ideal Gallego*, 12-X-1921, p. [5].

²⁸ Cfr. “Informe que presenta a la Junta General de la Real Academia Gallega la Comisión nombrada para estudiar la posibilidad de publicar el poema “Os Eoas” de Don Eduardo Pondal”. Leandro Carré. Ramón de Artaza. Francisco Vales Villamarín. Gonzalo López Abente. Ángel del Castillo (*Boletín de la Real Academia Gallega* 301-304, Septiembre 1955, p. 88).

que xa tiña dedicado importantes artigos²⁹ á obra de Pondal, mais que non foi quen de transcribir os manuscritos eicos.

A conexión co período de preguerra estaba rota e talvez o mecanoscrito fora apartado do coñecemento público por volta de 1921, despois de ser utilizado por Carré Aldao e Lugrís Freire, posibelmente porque dunha lectura superficial do poema se podía deducir un españolismo dificilmente compatíbel co espírito e coa ideoloxía pondaliana, aparentemente contraditorio coa vontade dunha institución dedicada á defensa da nación e da súa cultura e superficialmente afastado do pensamento dos dirixentes académicos posteriores a 1917, despois —non o esquezamos— da fundación das Irmandades da Fala e do oficial nacemento do nacionalismo.

Hipotizamos, pois, que o mecanoscrito ficou apartado, primeiro, e esquecido, despois, fronte á innegábel existencia da mítica maleta cos materiais eicos de gran complexidade compositiva e difícil lectura e transcripción.

É evidente que cando Carballo Calero en 1961 publica 87 oitavas eicas do APP (correspondendo 41 delas ás probas de imprenta de 1885) e Amado Ricón en 1971 inclúe 30 oitavas da RAG, o canto publicado en 1921 por Carré Aldao e 36 oitavas do fragmento *A América descuberta* (xa anteriormente dada a coñecer por Carballo en 1968³⁰), o mecanoscrito seguía desaparecido (ou oculto), como permaneceu polo menos até 1992.

Cando o editor redondelán chega á RAG en 1990 financiado pola Barrié e desenvolve o seu labor transcriptor dos materiais da maleta, semella que “apareceu” o dactiloscrito xunto con moitos outros materiais antes “inexistentes”, segundo me comenta Raquel González Martínez, que traballou na RAG entre 1991 e 2000. Lembra que, por volta de outubro de 1992, cando aínda non vira a luz a edición de Amado Ricón, lle levou a Juan Naya un caixón rescatado do soto ou do faiado cunha mancha de materiais (os que coñecín en 1995), algúns deteriorados, entre os que había cuartillas mecanografadas (sen dúbida o dactiloscrito d’*Os Eoas!*), e recorda tamén que o bibliotecario ficou “sobresaltado”. Se cadra, Amado Ricón non lle concedeu a importancia que tiña, fascinado pola hercúlea empresa de transcripción, ordenación e selección dos millares de papeletas manuscritas da maleta, que desembocaron na súa “aproximación” a *Os Eoas* de doce cantos e 1.124 oitavas.

Mais a realidade é pertinaz: perante unha redacción cerrada, numerada, corrixida, e con todos os elementos complementarios dunha obra pronta para ser impresa (capa, prólogos, advertencia de propiedade intelectual, texto

ordenado, corrixido e revisado...) non podía haber dúbidas.

E que pasou inmediatamente despois, entre 1992 e 2000? Acho que o bibliotecario gardaría de novo o mecanoscrito, porque durante a década de 1990 na maleta non estaba, até que as dilerxentes mans de alguén, antes de setembro de 2000, en que o localicei, alí o introduciron, xunto cos materiais complementarios de que xa falamos.

VI

Não te metas em vida alheia, porque lá podes ficar.

Almada Negreiros, *Nome de Guerra*, 1938

Eduardo Pondal foi durante moitos anos o autor de un único libro, *Queixumes dos pinos*, a que se lle acrecentaran historicamente unhas ducias de poemas rescatados da documentación manuscrita que ficara á súa morte e das publicacións periódicas en que colaboraba.

Despois do traballo de procura sistemática, lectura, transcripción e edición dos materiais líricos legados polo poeta para a súa edición e logo da recuperación da versión testamentaria da súa épica, fica unha obra composta polos 91 poemas de *Queixumes*, por 67 composicións impresas que foi publicando ao longo da súa vida e por máis de 150 poemas manuscritos, para alén d’*Os Eoas*. Unha obra cuantitativamente ampla —comparemos con Rosalía ou Curros—, e cualitativamente poliédrica, complexa e fundamental na nosa literatura.

A produción lírica pondaliana está tecida cunha mesta rede de relacións, reelaboracións, correccións, autotraducións etc. que esixe unha rigorosa aplicación dos principios da crítica textual para establecer o corpus da súa obra, fixar os textos e transmitirlos para o futuro. Esa foi a intención que guiou o meu traballo, con aplicación de criterios restritivos na consideración dos poemas, en flagrante contradición con editores anteriores, e estes son os resultados dunha pesquisa prolongada, accidentada e, finalmente, satisfactoria: un importante conxunto de textos publicados polo poeta en vida e agora recuperados, arredor de 110 poemas manuscritos inéditos, e renovada versión dos restantes manuscritos publicados anteriormente (1935, 1961, 1971) que agora, coa relectura dos orixinais, fican practicamente irrecoñecíbeis.

Mais aínda restan tarefas para os próximos anos³¹: os textos aparecidos en 2003, en fase de preparación, arrequerarán, aínda máis, a lírica pondaliana. A edición dos fragmentos eicos publicados ou impresos polo propio poeta (1857, 1864, 1885) deitará luz sobre os procesos



Inauguración do busto de Pondal na Coruña (agosto de 1925).

Félix Estrada Catoyra, Manuel Casás (falando) e Gerardo Abad Conde entre dous descoñecidos. Fotografía Artús. Fondo Manuel Casás (RAG)

creativos do Bardo en momentos diferentes da súa biografía persoal e poética. A publicación, agora si completa, do seu epistolario iluminará aspectos importantes da súa biografía, da relación cos seus contemporáneos e do discorrer da vida cultural —e cotiá— da sociedade galega do seu tempo. E a edición seriada, cronoloxicamente discriminada, dos milleiros de papeletas con oitavas d' *Os Eoas* escritas ao longo da vida permitirán o seguimento creativo dun poema concibido como obra fundacional da literatura galega renacente, ao tempo que achegará riquísimos materiais lingüísticos —especialmente lexicais— dun autor fundamental no establecemento do galego literario contemporáneo.

A física afirma, e demostra, que vivimos nun universo en expansión. Algo semellante acontece coa obra pondaliana. Eduardo Pondal Abente, o Bardo da nación galega, era en todo momento consciente da súa función “profética”, sobre todo despois da temperá morte de Rosalía (1885) e do afastamento cubano de Curros. Poeta “profesional”, sabedor da importancia da transmisión da obra para o futuro, lanza constantes apelos á preservación dos seus manuscritos, á edición das súas obras inéditas, á difusión, en fin, da súa mensaxe (“os cantos eran da patria, / entusiasmo os escribira”).

Despois dunha combinación do azar e da necesidade ao longo de dúas décadas, quereda acreditar en que hoxe xa se pode ler na súa integridade, diversidade e complexidade a obra do

poeta da Ponteceso. Que outras cousas aparecerán? É inevitábel que aínda en arquivos familiares, en novos recantos abandonados, cando a preocupación polo noso sexa principio fundamental de todas as institucións galegas, aínda se descubran novos textos, novas cartas e novos documentos que completen, iluminen e, nalgún caso, maticen o universo poético dun autor fundamental da literatura galega ■

²⁹ Especialmente “A formazón literaria de Eduardo Pondal e a necesidade de unha revisión dos seus ‘Queixumes’”, *A Nosa Terra* 208-211, A Cruña, 1-I-1925/1-IV-1925; e “Camões e Pondal”, *Nós* 134, Ourense, 15-II-1935, pp. 25-30.

³⁰ Carballo Calero, R. “Versos ñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal. ‘A América Descuberta’, *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXIII, 1968, pp. 296-312.

³¹ Mesmo a súa produción literaria en español (toda ela anterior a 1885) ten certo interese, obviamente menor, por canto completaría a imaxe ‘total’ do poeta, que se fixo literariamente unilingüe a partir da publicación de *Queixumes dos pinos*.